

**MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "\*\*\*\*\*", PARA A APLICACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NA MEDIDA LEADER DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PAC 2023-2027**

**Expediente:** CNV24\_07

**PRIMEIRO.- Antecedentes**

**1.-** A decisión de Execución da Comisión Europea C(2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, aprobou o Plan Estratéxico nacional da política agraria comunitaria (PEPAC) 2023-2027, ao amparo do Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño, do Regulamento (UE) nº 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro e do Regulamento (UE) nº 2021/20116, do Parlamento Europeo y del Consello, do 2 de decembro.

**2.-** De conformidade coas bases reguladoras da selección de estratexias de desenvolvemento local, da selección e recoñecemento dos GDRs como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e da concesión da axuda preparatoria, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en diante, Axencia) do 20 de abril de 2022, o GDR presentou unha estratexia de desenvolvemento local participativo, formulada co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento sustentable a longo prazo da súa zona de actuación. A estratexia e o GDR sinalados foron seleccionados mediante Resolución do 20.05.2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da directora xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, pola que se seleccionan as estratexias de desenvolvemento local e mais as entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia 2023-2027, así como a distribución de fondos entre as entidades colaboradoras seleccionadas (código de procedemento MR701F).

**3.-** O artigo 20.8 b) das bases reguladoras aprobadas no citado acordo do Consello de Dirección da Axencia e no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvención de Galicia, o GDR, na súa condición de entidade colaboradora, e a Axencia deben asinar un convenio de colaboración no que se determinen as condicións e obrigas que asumen as partes para a xestión da estratexia de desenvolvemento local participativo seleccionada.





## SEGUNDO.- Obxecto

O presente Convenio ten por obxecto establecer o contido e a forma na que se teñen que exercer polo GDR e pola Axencia as funcións de adxudicación, xestión, control, seguimento e avaliación das axudas da intervención 7119 (Desenvolvemento local participativo Leader) correspondente á PEPAC para o período 2023-2027, no marco da Decisión da Comisión Europea C(2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022.

Tamén regulará as obrigas que asume o GDR na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos fondos públicos vinculado á xestión, seguimento, avaliación, animación, formación e cooperación dos GDRs.

A finalidade do presente Convenio é regular a implementación da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR "\*\*\*\*\*" é regular a coordinación, control, seguimento e avaliación, así como a delegación de determinadas funcións dos GDR na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) para a implementación das estratexias no marco da intervención (Desenvolvemento local participativo 7119\_Leader do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España), de acordo con os artigos 31 ao 34 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (en diante, RDC).

A zona de actuación na que o GDR aplicará a Estratexia de Desenvolvemento local participativo (en adiante, EDLP) será a sinalada no Anexo II desta memoria. Calquera modificación deste ámbito xeográfico deberá ser autorizada pola Axencia e obxecto dunha cláusula modificadora do presente Convenio.

A modificación do territorio non dará lugar ao incremento do cadro financeiro do GDR salvo que o incremento se produza por fusión ou absorción entre GDRs.

Como regra xeral o GDR non poderá propoñer ningunha axuda fóra do ámbito territorial do Anexo I deste Convenio, agás no caso das actuacións de cooperación.

## TERCEIRO.- Financiamento

Dita subvención será cofinanciada pola Unión Europea nun 80% e pola Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia no 20% restante.

A dotación asignada ao GDR para a execución da súa estratexia de desenvolvemento local participativo ata o 30/12/2027 é de "xxxxxx" € (incluído o importe programado para operacións a favor de terceiras persoas e a axuda a favor do GDR) con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 2024 14 A1 712A 781.00 proxecto 2024-00008 "gastos de funcionamento e animación dos Grupos de Desenvolvemento Rural".





Dita dotación poderá variar como consecuencia de reprogramación entre intervencións do PEPAC Galicia 2023-2027, reprogramacións da EDL do GDR, da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR, do incumprimento da regra n+2 ou doutros supostos similares.

As cantidades que, como achega financeira das distintas administracións nacional e rexional, se concedan ao GDR para execución da EDLP computaranse como parte da aportación económica que estas Administracións realizan á intervención 7119 Leader para Galicia da PEPAC.

Para a execución da EDLP tomarase como referencia a contribución dos fondos comunitarios e das distintas administracións xunto coa aportación dos promotores dos proxectos.

Para o conxunto de actividades de costes de xestión, seguimento e avaliación das estratexias e a súa animación financiados con cargo á intervención Leader, o GDR non poderá destinar máis do 25% da contribución pública total á EDLP segundo se establece no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

Para o ámbito da cooperación Leader, prevese unha porcentaxe de polo menos o 5% sobre a dotación global asignada ao GDR, en función do disposto no artigo 22.2 da resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 (DOG núm. 89, do 10 de maio de 2023).

Para as actividades de formación, promovida polo GDR, coa finalidade de mellorar a capacitación para o emprego tanto por conta propia como por conta allea, da poboación activa do seu territorio, prevese unha porcentaxe máxima do 1% sobre a dotación global asignada ao GDR, en función do disposto no artigo 34.2 da resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 (DOG núm. 89, do 10 de maio de 2023).

Así mesmo, poderanse conceder anticipos da acordo co estipulado na cláusula décimo novena do convenio.

A distribución da asignación financeira, por anos e fontes de financiamento, defínese como Anexo I a esta memoria.

#### **CUARTO.- Vixencia**

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa firma e permanecerá vixente ata o 31 de decembro de 2027, sen prexuízo da posibilidade de prórroga conforme o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





O GDR non poderá disolverse ata transcorridos cinco anos despois do último pagamento realizado no marco da EDLP, salvo que o GDR garanta previamente á Axencia, a través de calquera medio admisible en dereito, o cumprimento as responsabilidades contraídas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, obsérvase o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Nesta memoria xustificativa de transparencia, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xustifica a necesidade, oportunidade e o carácter non contractual da actividade así como seu impacto económico, todo isto en cumprimento do previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Coa súa sinatura esta axencia da inicio ao procedemento para tramitar o citado convenio de colaboración.

Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección  
P.D. (Acordo do 11.07.2013)  
A directora xeral  
Inés Santé Riveira



**Anexo I**

GRUPO	AXUDA AO GDR PEPAC 23/27	2024	2025	2026	2027
GDR-01 Terras de Miranda	638.907,63 €	54.247,11 €	194.886,84 €	194.886,84 €	194.886,84 €
GDR-02 Terra Chá	833.095,66 €	70.734,84 €	254.120,27 €	254.120,27 €	254.120,27 €
GDR-03 Montes e Vales O.	895.409,73 €	76.025,68 €	273.128,02 €	273.128,02 €	273.128,02 €
GDR-04 Comarca de Lugo	701.627,46 €	59.572,40 €	214.018,35 €	214.018,35 €	214.018,35 €
GDR-05 Miño Ulla	848.109,01 €	72.009,57 €	258.699,81 €	258.699,81 €	258.699,81 €
GDR-06 Ribeira Sacra Courel	812.053,80 €	68.948,26 €	247.701,84 €	247.701,84 €	247.701,84 €
GDR-07 Valdeorras	789.678,70 €	67.048,48 €	240.876,74 €	240.876,74 €	240.876,74 €
GDR-08 Sil Bibei Navea	907.176,95 €	77.024,79 €	276.717,39 €	276.717,39 €	276.717,39 €
GDR-09 Monteval	928.218,82 €	78.811,37 €	283.135,81 €	283.135,81 €	283.135,81 €
GDR-10 A Limia Arnoia	830.892,93 €	70.547,82 €	253.448,37 €	253.448,37 €	253.448,37 €
GDR-11 Adercou	676.759,80 €	57.460,99 €	206.432,94 €	206.432,94 €	206.432,94 €
GDR-12 Carballiño Ribeiro	784.055,94 €	66.571,08 €	239.161,62 €	239.161,62 €	239.161,62 €
GDR-13 Condado Paradanta	774.665,35 €	65.773,76 €	236.297,20 €	236.297,20 €	236.297,20 €
GDR-14 Eu Rural	590.041,80 €	50.098,11 €	179.981,23 €	179.981,23 €	179.981,23 €
GDR-15 Pontevedra Morrazo	621.285,79 €	52.750,91 €	189.511,63 €	189.511,63 €	189.511,63 €
GDR-16 Pontevedra Norte	812.807,36 €	69.012,25 €	247.931,71 €	247.931,71 €	247.931,71 €
GDR-17 Salnes Ulla Umia	603.374,11 €	51.230,10 €	184.048,00 €	184.048,00 €	184.048,00 €





GDR-18 Deloa	611.895,20 €	51.953,59 €	186.647,20 €	186.647,20 €	186.647,20 €
GDR-19 Terras de Compostela	602.330,72 €	51.141,51 €	183.729,74 €	183.729,74 €	183.729,74 €
GDR-20 Ulla Tambre Mandeo	776.578,25 €	65.936,18 €	236.880,69 €	236.880,69 €	236.880,69 €
GDR-21 Comarca de Ordes	759.652,01 €	64.499,04 €	231.717,66 €	231.717,66 €	231.717,66 €
GDR-22 Costa da Morte	620.648,15 €	52.696,77 €	189.317,13 €	189.317,13 €	189.317,13 €
GDR-23 Mariñas Betanzos	605.982,61 €	51.451,58 €	184.843,68 €	184.843,68 €	184.843,68 €
GDR-24 Seitura 22	641.342,22 €	54.453,82 €	195.629,47 €	195.629,47 €	195.629,47 €
	17.666.590,00 €	1.500.000,00 €	5.388.863,33 €	5.388.863,33 €	5.388.863,33 €



**Anexo II**

<b>Entidade seleccionada</b>	<b>Ámbito territorial (concellos)</b>
ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA	Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHA	Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza (A), Riotorto, Vilalba, Xermade.
ASOCIACIÓN MONTES E VALES ORIENTAIS	Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, Fonsagrada (A), Láncara, Meira, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Pontenova (A), Ribeira de Piquín.
ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE LUGO	Castroverde, Corgo (O), Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación:</i>  <i>Núcleo urbano de Lugo cidade.</i>  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase o seguinte parque empresarial: Lugo</i>
ASOCIACIÓN MIÑO ULLA	Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, O Páramo, Pallas de Rei, Paradela, Portomarín, Sarria, Taboada
ASOCIACIÓN GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA-COUREL	Bóveda, Folgoso do Courel, O Incio, Monforte de Lemos, As Nogais, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos, O Saviñao, Sober, Triacastela  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade</i>





	<i>singular de poboación: Monforte de Lemos</i>
ASOCIACIÓN G.D.R. VALDEORRAS	Carballeda de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Rubia, Vilamartin de Valdeorras, A Rúa de Valdeorras, Petín, O Bolo, A Veiga, Larouco.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación: O Barco de Valdeorras</i>
ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA	Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil, A Pobra de Trives, San Xoán de Río, A Teixeira, Viana do Bolo, Vilariño de Conso
ASOCIACIÓN MONTEVAL	Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oimbra, Riós, Verín, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación: Verín</i>
ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA	Allariz, Baltar, Bande, Baños de Molgas, A Bola, Os Blancos, Calvos de Randín, Celanova, Entrimo, Lobeira, Lobios, Maceda, Muiños, Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Trasmiras, Vereá, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambia.
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE OURENSE. ADERCOU	Amoeiro, Barbadás, Cartelle, Coles, Esgos, Gomesende, Merca (A), Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Pereiro de Aguiar, Peroxa (A), Ramirás, San Cibrao das Viñas, Toén, Vilamarín, Xunqueira de Espadañedo  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación: Núcleo urbano de Ourense cidade</i>
ASOCIACIÓN CARBALLIÑO-RIBEIRO	A Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño Cenlle, Cortegada, O Irixe, Leiro, Maside, Melón, Padrenda, Piñor, Pontedevea, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cristovo de Cea.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación: O Carballiño</i>
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONDADO PARADANTA	Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Pontearreas, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade</i>





	<i>singular de poboación: Pontearreas</i>
ASOCIACION DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL	Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Mos, O Porriño, Nigrán, Gondomar, Baiona, Tui, Oia, Tomiño, O Rosal, A Guarda . Salceda de Caselas.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: Redondela, O Porriño, A Guarda e Tui</i>
ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE PONTEVEDRA - O MORRAZO	<i>Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo, Cotobade, Lama (A), Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior, Vilaboa.</i>  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: Cangas, Marín e Pontevedra (núcleo urbán).</i>  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse os seguintes parques empresariais: Polígono industrial do Campiño, Parque empresarial do Vao e Pontevedra</i>
ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE	Agolada, Dozón , A Estrada, Forcarei, Lalin, Silleda, Rodeiro, Vila de Cruces.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: A Estrada e Lalín</i>
ASOCIACIÓN GDR SALNES ULLA UMIA	Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: Cambados , O Grove, Vilagarcía de Arousa, Cambados, O Grove e Vilagarcía</i>
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DELOA	Boiro, Dodro, Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal (A), Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: Boiro, Noia e Santa Uxía de Ribeira</i>
ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA	Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra , Vedra.  <i>Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes</i>





	<p><i>entidades singulares de poboación:</i></p> <p><i>-Entidade Singular de poboación de Milladoiro (Concello de Ames)</i></p> <p><i>-Entidade Singular de poboación de Bertamiráns (Concello de Ames)</i></p> <p><i>- Núcleo urbano de Santiago de Compostela cidade</i></p>
ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ULLA TAMBRE MANDEO	Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro, Vilasantar.
ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ORDES	Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo. <i>Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación: Ordes</i>
ASOCIACIÓN GDR COSTA DA MORTE	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laracha (A), Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo, Zas.  Deste ámbito xeográfico exceptúase a seguinte entidade singular de poboación: Carballo
ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS	Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis Irixoa, Oza-Cesuras, Oleiros, Paderne, Sada.  Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: Arteixo, Betanzos, O Perillo e Sada
ASOCIACIÓN SEITURA 22 FERROL EUME ORTEGAL MIÑO VILLARMAIOR	Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño, Vilarmaior.  Deste ámbito xeográfico exceptúanse as seguintes entidades singulares de poboación: Ferrol (núcleo urbano), Narón e As Pontes de García Rodríguez.  Deste ámbito xeográfico exceptúanse os seguintes parques empresariais: Ferrol

